

XORNADAS DE TEATRO GRECOLATINO



O pasado mércores un de marzo o alumnado de 3º ESO PDC e o alumnado de Latín e Literatura Universal de bacharelato puido gozar dunha pequena saída ao veciño concello de Ourense, onde acudiu ás Xornadas de Teatro Grecolatino que organiza a SEEC Galicia todos os anos.

Para aproveitar ben a mañá, asistimos a unha pequena mostra na Sala de Escultura da cidade, onde unha das responsables, a amable María Pilar Núñez, fíxonos un completo e sinxelo percorrido pola historia, a través de diferentes pezas atopadas nos racementos da zona.





Despois de recargar pilas cun café ben rico e quentiño, porque frío facía un bo rato, achegámonos ao Auditorio Municipal, onde se representou unha das traxedias gregas da trilogía da Orestíada do sempre xenial Esquilo, Agamenón: o mítico rei regresa a casa da guerra de Troia victorioso, pero froito dun derramamento de sangue inocente e filial, que provocará o seu propio, adiantado co recibimento nun tapiz purpúreo da súa magnífica muller Clitemnestra, como metáfora do futuro que non lle espera. A enxeñosa escenografía e interpretación de calidade por parte da compañía El Ruiseñor, tivo como principal éxito conseguir que permanecese expectante ata o final o noso alumnado, que se portou xenial e quedou con ganas de máis...Sen dúbida, repetiremos o anos que vén!

Gratias vobis ago!

